

María de Vrea e o Equipo Chaira, recoñecidos co Mestra e Mestre da Memoria 2025

Os premios distinguen a traxectoria e o labor daquelas persoas que teñen contribuído á preservación e transmisión do patrimonio inmaterial da nosa literatura de tradición oral.

Redacción 27/maio/25

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/equipo-chaira-maria-vrea-mestre-mestra-da-memoria-2025/2025052712342223767.html>



María de Vrea e o Equipo Chaira. (Foto: AELG)

O **Equipo Chaira** –grupo de investigación etnográfica formado por Mercedes Salvador, Ofelia Carnero, Xoán R. Cuba e Antonio Reigosa– e a veciña da parroquia de Folgoso (Cerdedo, Terra de Montes) **María Fraíz Canaval**, máis coñecida como 'María da Vrea', veñen de ser elixidos Mestre e Mestra da Memoria 2025 da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) desde a Sección de Literatura de Tradición Oral da entidade, previa deliberación do Grupo de Traballo composto por Ana Acuña, [Antonio Reigosa](#), Calros Solla, Carme Pernas Bermúdez, Cesáreo Sánchez Iglesias, Félix Castro Vicente, Lois Pérez, Xosé Manuel Varela e Xurxo Souto.

Os galardóns **Mestre e Mestra da Memoria 2025** recoñecen a traxectoria e labor daquelas persoas que se distinguen pola preservación e transmisión do patrimonio inmaterial da nosa literatura de tradición oral.

Equipo Chaira

O Equipo Chaira comezou a súa andaina en 1992, hai máis de trinta anos. Os integrantes, entón persoal adscrito ao Museo Provincial de Lugo, Mercedes Salvador, Ofelia Carnero, Xoán R. Cuba e Antonio Reigosa, comezaron a súa actividade co obxectivo de "facen un **inventario exhaustivo**, o máis completo posíbel da **literatura de tradición oral** dos concellos da Terra Chá".

Desde o seu nacemento, o grupo recolleu inxentes testemuños das 68 parroquias dos concellos de Abadín, Begonte e Vilalba. "O resultado daquelas campañas foron moitas horas de gravacións en cintas magnetofónicas, horas dedicadas ás transcripcións que archivamos e numerosos textos dos que chegamos a publicar unha pequena parte baixo o título *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* en 2004",

Máis aló do proxecto Terra Chá, o Equipo Chaira seguiu o seu camiño realizando traballos de campo en varias comarcas de Lugo, como é o caso do realizado na **Pontenova** (A Mariña) a partir de 1996, e outros con menor alcance xeográfico en Candelos, Arroso, na **Fonsagrada**, e varias sesións na Casa da Fonte de Esmeriz, en Chantada. O resultado do recompilado no concello da Pontenova editouno o Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo en 1998, e reeditouno en 2004, co título *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances*.

María de Vrea

Pola súa parte, a figura de María da Vrea acubilla centos de coplas, cancións, adiviñas ou trabalinguas que superan o milleiro. Veciña da parroquia de Folgoso (Cerdedo, Terra de Montes), María Fraíz Canaval, de 92, colleu o seu nome da casa do seu nacemento, Vrea, no lugar de Covas, o 3 de agosto de 1933.

A máis nova de catro irmáns, María foi un case nada á escola. "Aprendín as catro reghras e pouco máis", porén soletreou dende cativa un moito do catecismo do labrego e da vida suxeita e sacrificada do agro. O pouco que foi valeulle para facerse cun gran repertorio en castelán: romances, cancións, oracións... A prendeuno na unitaria de Folgoso ao coidado da mestra Manuela Cachafeiro: "Liamos esas poesías nos libros, e a min quedábanme".

O acto de entrega dos galardóns que organiza a AELG terá lugar nunha gala o venres 24 de outubro no Vello Cárcere de Lugo.